



XOSÉ M. MARCOS

Xosé Manuel Marcos gañou o Premio Terra de Melide 2007 coa *A lúa dos Everglades*, unha novela de intriga na que conflúen tres historias de amores e rancores dos membros dunha familia galega de emigrantes. Tres historias de saudades, de exilios vitais e sentimentais, contadas cunha prosa moi coidada. Marcos deuse a coñecer como narrador no 1994 co relato *Aliados Solitarios*, Premio Modesto Rodríguez Figueiredo do Pedrón de Ouro. No mesmo ano obtivo o Premio Manuel Murguía do Concello de Arteixo polos contos *A cela de arame* e *Fuxidos*. Dende aquela, as súas obras non deixaron de gañar recoñecementos, entre eles o Premio de Novela Curta do Concello de Marín, no 1996; o Premio de Narración Curta Ricardo Carvalho Calero por *Terra Queimada* e o premio Merlín 2004 por *O brindo de ouro. I. A chamada do brindo*. Tamén publicou colaboracións en xornais como *O Correo Galego*.